

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 3 DE DECEMBRO DE 2007

LICENZAS

FAVORABLES.-

1292/06.- Luciano Gómez Otero.- Construción de dous silos forraxeiros en Casas de Arriba, Cesar núm.4.-

2170/07.- José Menor Pombo Otero.- Substitución de forxado na edificación sita en Nemenzo, Chorente núm.5.-

1378/07.- José Luís Castro Zahera.- Legaliz. de rehabilitación, ampliación e adecuación dunha edificación para uso de vivenda na Rúa de Sar núm.24.-

2166/07.- Nieves Couto Castro.- Derruba de bufarda posterior e reforma do baixo cuberta da edificación sita na Rúa do Morcego núm.3.-

819/06.- Gráficas Sanpar S.L e Tambre Papel, S.L.- Construción de dúas naves no polígono de Boisaca, parcelas C-18 e C-19 do SUNP-34, e aperturas de industria gráfica na nave da parcela C-18 a nome de Gráficas Sanpar, S.L (**Lap/194/06**), e apertura de papelería na nave da parcela C-19, a nome de Tambre Papel, S.L. (**Lap/195/06**).-

1899/06.- Grialibros, S.L.- Nave industrial adicada ao uso de edición e distribución de libros, e almacén de papelería, mobiliario escolar e de xogos didácticos (**Lap/406/06**) no Polígono Industrial de Boisaca, Vial B, parcelas C-38 e C-39 do SUNP-34.-

RECURSO REPOSICIÓN.-

463/06.- Nieves Carnota Rey.- Contra concesión de licenza a D. **Manuel Martínez Lado**, de construción de viv. unif. en Roxos, Vilestro (R).-

PRÓRROGA.-

1861/07.- Antonio Vázquez Fernández.- Viv. Unif. no Lugar de Sarela de Arriba (-).-

INFORME PREVIO TRÁMITE DE EXCEPCIÓN.-

1485/07.- Juan Carlos Doce Otero.- Viv. Unif. En Rúa da Xesteira, Aríns (+).-

1268/07.- Antonio Ramón López Míguez.- Acondicionamento de finca sita no Lugar dos Vilares, parcela 522 de concentración de San Miguel dos Agros (+).-

DEVOLUCIÓN DE FIANZAS.-

2445/07.-Rufo José Fernández Rodríguez.-Expte...340/03.....1.500 €.-

2437/07.-José Pombo Seoane.-Expte...697/04..... 2.200 €.-

2436/07.-Hermanos Puente Liste, S.L.-Expte..2999/04..... 4.800 €.-

2491/07.-Placido Herminio Forján Porto.-Expte....496/04.....3.453 €.-

SUBSANACIÓN DE ACORDO X.G.L. DE 09 DE XULLO DE 2007.-

1867/06.- Mantengo 2.000, S.L.- Parcelación, resultante de agrupación, das parcelas C-16 e C-18 do Proxecto de Compensación do Polígono 1 do SUNP-27 de Piñeiro.-

5.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social.

Apróbanse axudas para gastos de comedor escolar para varias familias por importe de 3.270 euros.

6.- Adxudicación de Asistencia técnica para a realización de análises específicas sobre os materiais estruturais e catas da cimentación do edificio da CASA DAS MAQUINAS na rúa Galeras.

Apróbase a adxudicación de referencia á empresa ATLAS, ECOSERVICIOS E BIOCONSTRUCCIÓN, SL, por importe de 17.300 euros.

7.- Adxudicación da Asistencia técnica para a redacción dos proxectos básico e de execución e de seguridade e saúde, e realización de traballos previos de planimetría das obras de rehabilitación da CASA DAS MAQUINAS na rúa Galeras.

Acórdase adxudicar a asistencia técnica á empresa TALLER 8 ARQUITECTOS, SC, por importe de 29.900 euros.

8.- Propostas da concelleira delegada de benestar social relativas á xustificacións de diversos convenios de colaboración.

Apróbase o gasto relativo á xustificación dos convenios asinados entre o Concello de Santiago e as seguintes entidades:

- Asociación Galega de Lupus (AGAL). Achega municipal: 2.500 euros.
- Asociación de Persoas Xordas de Santiago de Compostela. Achega municipal: 8.000 euros.
- Asociación de Bulimia e Anorexia de Galicia. Achega municipal: 2.500 euros.
- Asociación de Dano Cerebral de Compostela "Sarela". Achega municipal: 2.500 euros.

9.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á inadmisión a trámite da solicitude de nulidade formulada contra a aprobación definitiva do proxecto de delimitación do solo urbanizable programado número 1 (SUP-1) de Romero Donallo.

Inadmítese a trámite a solicitude de nulidade do acordo de aprobación definitiva do expediente de delimitación do SUP-1 (Romero Donallo), adoptado pola Comisión de Goberno na sesión que tivo lugar o día 18 de novembro de 2002.

10.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á aprobación definitiva dos Estatutos da entidade de Conservación do polígono 1 do solo urbanizable número 27 (SUNP-27) de Piñeiro.

Rexíitanse 2 alegacións presentadas e apróbanse definitivamente os estatutos da devandita entidade de conservación.

11.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á solicitude á Delegación provincial da Consellería de Educación da desafectación da antiga escola "Raíña Fabiola", sita na Robleda de San Lourenzo.

Acórdase formular ante a Delegación Provincial da Consellería de Educación a solicitude de desafectación ao servizo educativo do antigo colexio Raíña Fabiola.

12 a 41.- Expediente TXX/1146/2007 - IVTM - Proposta do concelleiro delegado de facenda e orzamentos relativa a beneficios fiscais no imposto sobre vehículos de tracción mecánica e no imposto sobre bens inmoables.

Concédense os devanditos beneficios fiscais.

42.- Proposta da concelleira delegada de Limpeza relativa á modificación do contrato de xestión do servizo de recollida de residuos e limpeza viaria, e outros extremos.

Modifícase o contrato de xestión do servizo de recollida de residuos e limpeza viaria do termo municipal de Santiago de Compostela formalizado coa empresa URBASER, SA, o 4 de marzo de 2005, de xeito que se incorpora ao mesmo a obriga de xestionar o punto limpo fixo construído pola empresa concesionaria no Polígono do Tambre, así como o punto limpo construído pola Consellería de Medio Ambiente en Piñor. Así mesmo, amplíase o servizo de baldeo e rego de rúas e beirarrúas a todos os días do ano.

O importe a satisfacer por estes conceptos supoñen un incremento de 15.376,96 euros ao mes e de 184.523,52 euros ao ano dos que:

- 7.145 euros/mes corresponden á xestión do punto limpo do Polígono do Tambre. Neste importe inclúense custos fixos, persoal e medios mecánicos, e os custos variables, transporte e tratamento.

- 6.425,23 euros/mes corresponden á xestión do punto limpo de Piñor, no que tamén se inclúe o anteriormente indicado.

- 1.776 euros/mes ao baldeo e rego de rúas e beirarrúas.

Tamén se recoñece o gasto derivado da xestión do punto do limpo do Polígono do Tambre realizado pola concesionaria dende o mes de xuño de 2007, por importe de 7.174 euros/mes.

43.- Dar conta do escrito da Dirección Xeral de Fomento e Calidade da vivenda relativo á sinatura do acordo da Comisión Bilateral sobre o reaxuste de anualidades dos Plans de Vivenda 1998-2001 e 2002-2005.

Dáse conta do escrito da directora xeral de Fomento e Calidade da Vivenda, de 9 de novembro de 2007, polo que se comunica a sinatura do acordo da Comisión Bilateral relativo ao reaxuste de anualidades dos Plans de Vivenda 1998-2001 e 2002-2005, nas áreas de rehabilitación integral e centros históricos en Galicia.

44.- Dar conta da subvención concedida pola Vicepresidencia da Xunta de Galicia para a prestación de servizos sociais polas corporacións locais en concepto de axuda a domicilio "Novos Proxectos".

Dáse conta da devandita subvención en concepto de axuda a domicilio "Novos Proxectos", cunha contía de 305.034 euros e no concepto de Xestión de Programas "Comedor sobre rodas", a contía de 35.722 euros.

45.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello e Turgalicia sociedade de Imaxe e promoción turística de Galicia Sa para a realización da campaña "Compostela Capital de Compras 2007" e do inicio da execución do programa.

Dáse conta da sinatura do convenio.

46.- Dar conta polo concelleiro delegado de Promoción Económica, Emprego, Comercio e Turismo relativa á xustificación dos premios e o seu pagamento a diversas entidades.

Dáse conta da decisión do xurado, da xustificación dos premios e do pagamento ás entidades polos importes que se relacionan:

- 1º premio: Santa Cruz Design SL, 4.328 euros.

- 2º premio: Dequidt-Taboada Saude e Beleza, SL, 2.167 euros.

- 3º premio: Katuxa Platero Seoane, 1.000 euros.

47.- Dar conta pola concelleira delegada de Muller dos actos conmemorativos do DÍA INTERNACIONAL DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES.

Dáse conta dos actos realizados e do gasto, que ascende a 3.915 euros.

URXENCIAS:

1.- Apróbase a formalización do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e o INEGA para a promoción e potenciación do uso da bicicleta como medio de transporte urbano no municipio. O investimento en bicicletas, estacións aparcabiscis, obra civil e demais instalacións necesarias para a posta en marcha do servizo, incluída a publicidade, paragase con cargo á subvención do INEGA, que ascende á cantidade de 140.000 euros. O importe correspondente ao mantemento anual (39.080 euros) irá con cargo á partida da Concellería de Transportes.

En virtude do convenio, o Concello comprométese a constuír un mínimo de 3 bases para aparcas bicicletas, mercar 100 bicis e xestionar o sistema de xeito que o público dispoña destas.

A execución do convenio levarase a cabo mediante a contratación por procedemento aberto e sistema de concurso do subministro, instalación e xestión das bicicletas.

2.- Apróbase un orzamento de 88.000 euros para NADALXOGO 2007, que se desenvolverá no Multiusos Fontes do Sar desde o día 27 de decembro ata o 4 de xaneiro, ambos inclusive, agás o 31 de decembro, en horario de 17.00 a 21.00 e o prego de condicións para a xestión do programa.

3.- Acórdase adxudicar o aluguer de equipos de iluminación navideña para diversas rúas do Casco Histórico á empresa ILUMINACIONES SANTIAGUESAS, SL, por importe de 27.840 euros.